

ARTE GÓTICA

OBRA: A FUXIDA A EXIPTO (Capela Scrovegni, Padua)

AUTOR: GIOTTO DI BONDONE (1327-1337)

CRONOLOXÍA: 1302-1306

ESTILO: Gótico (Trecento Italiano)

TÉCNICA: Fresco

LOCALIZACIÓN: Capela dos Scrovegni (Padua)



CAPELA SCROVEGNI

Nos frescos da Capela Scrovegni (Padua) Giotto colle as vellas representacións evanxélicas para ofrecelas rexuvenecidas aos seus contemporáneos. Mandou levantar a capela Arrigo Scrovegni no centro do anfiteatro romano da súa cidade, en memoria dos mártires alí sacrificados. Hai 38 recadros, cuxos temas están tomados, uns, dos Evanxelos canónicos, e outros, inspirados no Evanxelio apócrifo de San Xaime, onde se atopan as lendas de Xoaquín e Ana. Giotto deu nova vida as personaxes chegando a representar escenas anecdóticas. As paisaxes están indicadas sinxelamente cunhas rochas e poucas árbores, para dar idea dun ambiente rústico, aínda lonxe do momento no que os artistas teñan liberdade tanto na técnica como na composición para entreterse na perspectiva e dar a impresión de ambiente local.

DESCRICIÓN FORMAL

Nesta obra apréciase o afastamento das influencias da pintura bizantina que a pintura italiana tiña ata estes momentos. Elimínase a postura frontal e adóptanse outras nas que as persoas aparecen de costas ou de perfil. Non aparece o fondo dourado, senón que a paisaxe montañosa é agreste, máis realista. A gama cromática tamén se enriquece. As figuras xa non son hieráticas, senón que adquiren maior viveza e expresividade; a comunicación entre elas é evidente.

A perspectiva oblicua empeza a facerse notar, e desaparecen as liñas horizontais ou verticais. O anxo presenta un forte scorcio. O naturalismo gótico apréciase nos vestidos, lixeiros, naturais, nos que desaparecen as liñas douradas. A sensación de movemento está conseguida grazas a pequenos detalles: as patas dianteiras do asno, a mirada cara atrás de San Xosé, a liña do camiño que fai xogo coa montaña, o anxo que amosa o camiño e a mirada de María cara ao lonxe. A figura de María co neno forma un triángulo

que é acentuado pola montaña que está detrás deles. Está presente a gran importancia da luz para modelar as figuras cun sinxelo claroscuro.

O realismo aparece nos drapeados, que son lixeiros, nos xestos e expresións das figuras, así como na representación detallista do cántaro recuberto de vimba ou do vestido do Neno.

É certo que aínda a paisaxe non está ben integrada coas persoas, ou que como neste caso, é moi sumario, pero os novos valores da pintura de Giotto, volumen das figuras e importancia da luz para modelar as figuras cun sinxelo pero eficiente claroscuro, abren as portas á pintura do Quattrocento italiano.

COMENTARIO

A escena recolle a pasaxe do Evanxelio de Mateo no que a sagrada familia, Xosé, María e Xesús, despois da visita dos Magos chegados de Oriente, teñen que marchar a Exipto ante o temor de que Herodes mate ao neno. A Virxe viaxa no asno que a levara a Belén para dar a luz. O anxo é o do soño de Xosé e indica o camiño, aparecendo na Historia da Arte como acompañante da Sagrada Familia durante a viaxe, asumindo diferentes funcións. Outras catro persoas forman a comitiva, inspirándose Giotto nun fragmento do Seudo-Mateo (Evanxelio apócrifo de autor descoñecido). Segundo unha tradición medieval, podería tratarse dos fillos maiores de Xosé, nados dun matrimonio anterior. A cor dos mantos gardaría unha simboloxía: o branco (a fe), verde (a esperanza), vermello (a caridade). As figuras van agrupadas por parellas buscando o diálogo. A liña define as figuras e é máis importante que a luz, artificial.

Dúas escolas pictóricas destacan durante o Trecento italiano (S.XIV), unha ao redor da cidade de Florencia e outra ao redor de Siena. Giotto é o máximo representante da escola florentina. Forma parte dos chamados *Primitivos Italianos* pola achega que ofrece á nova pintura.

HUIDA A EGIPTO DE GIOTTO

El **paisaje** ocupa un lugar preferente en la obra. La Virgen y el Niño forman el eje central de la obra que se refleja en la cúspide de la montaña. El **olivo** recuerda la Pasión.

Otras **cuatro personas** compone la comitiva, con lo cual Giotto se inspira en un fragmento del Seudo-Mateo. Según una tradición medieval, podría tratarse de los hijos mayores de José, nacidos en un matrimonio anterior. El color de sus mantos recuerda: blanco, la fe; verde, la esperanza; rojo, la caridad. Las figuras van agrupadas de dos en dos en forma de diálogo

